

O PADRE FEIJOO E O “MILAGRE” DE LÉREZ.

Celébrase o 21 de marzo, con gran afluencia de romeiros, no antigo mosteiro beneditino, hoxe igrexa parroquial, de Lérez, próximo á cidade de Pontevedra, a festividade de san Bieito, na súa versión de inverno, que conmemora o aniversario da súa morte.

No dito mosteiro establecera a Orde un Colexio de Humanidades e Filosofía, concedido en 1661 polo Capítulo Xeral da Congregación, no que cursaron destacados monxes. Foi un deles Benito Gerónimo Feijoo y Montenegro, que logo sobresaíra como personalidade dentro do movemento ilustrado do século XVIII. Ingresara en Lérez en 1692, apenas cumpridos os dezaseis anos, dous despois de ter recibido o hábito en Samos, para estudar os preceptivos tres cursos de Artes e volvería para exercer de Pasante (1701-1705) e de Lector (1705-1709), tralos trienios de estadía en Salamanca e en Eslonza (León).



É autor o Padre Feijoo da obra *Theatro Crítico Universal*, publicada en oito tomos por primeira vez entre 1726 e 1740, na que recolle *discursos varios en todo género de materias, para desengaño de errores comunes*. Este subtítulo daría pé ó apelativo de *extirpador de las preocupaciones y errores*


vulgares que ó frade se lle dá no retrato que se conserva no Museo, estampado por José Vázquez en 1798 por pintura de José Maea do ano anterior, editado en 1802 e incluído na colección *Retratos de los españoles ilustres con un epítome de sus vidas*, adquirida na Calcografía Nacional de Madrid en 1975 coa achega económica de José Fernández López.

No seu tomo III, de 1729 (a edición do Museo, na súa sétima impresión, é de 1759), o sexto discurso está dedicado a *Milagros supuestos*, no que afirma que *no creer milagro alguno, fuera de los que constan de la Sagrada Escritura, es reprehensible dureza; creer todos los que acredita el rumor del vulgo es liviandad demasiada*, para relacionar unha serie de falsos prodixios tidos por certos e que deron lugar a crenzas perniciosas para a relixión. Remátao asegurando que son dignos de ser cridos os referidos por san Gregorio no libro segundo dos *Diálogos* como realizados por san Bieito por canto lle foron confiados por catro discípulos directos do abade de Nursia e considerando que as raras aparicións da Virxe da Barca en Muxía en 1724 nada teñen de sobrenatural e que as circunstancias que as rodeaban eran absolutamente ridículas.

Á vista dos ataques de que foi obxecto o contido do *Theatro Crítico Universal*, en especial por parte de Salvador Joseph Mañer ós dous primeiros tomos, o compañeiro de Orde Fr. Martín Sarmiento, que tamén de neno estudara en Lérez antes de marchar a Madrid, sae na súa defensa coas obras *Ilustración apologética...*, impresa na capital do Reino en 1729, e *Demonstración crítico-apologética del Theatro Crítico Universal...*, en dous volumes, aparecidos tamén en Madrid en 1732, cuxas primeiras edicións se gardan no Museo.

No seu tomo II, dedica o Discurso XXXVII a rexeitar, punto por punto, cada unha das acusacións feitas polo refutador da obra de Feijoo.

O Museo de Pontevedra adquiriu para a súa biblioteca, en decembro de 1955, en “Monterrey. Librería Anticuaria de Galicia. G. Aranda, 18. Telf. 6843. Vigo”, unha reedición das *Cartas eruditas, y curiosas, en que, por la mayor parte, se continúa el designio del Theatro Crítico Universal, impugnando, ó reduciendo a dudosas, varias opiniones comunes: escritas por el Muy Ilustre Señor D. Fr. Benito Gerónimo Feyjoo y Montenegro...* A reimpresión do seu tomo II, editado por primeira vez en 1745, viu a luz en 1770 nos talleres madrileños de Joaquín Ibarra, Impresor de Cámara de S. M.



A *Carta* onцена, das vinte e oito que integran o citado tomo II, está dedicada ó *Examen de Milagros*, mostrándose ante eles o Padre Feijoo, como case sempre, escéptico e incrédulo, como o Padre Sarmiento o fixera xa na *Demonstración* e o faría máis tarde, por exemplo, con cuestións tidas por

“milagrosas” ou sobrenaturais, como as relativas ó santuario muxián, co movemento da pedra ou a formación alí, como na Illa de Tambo, de cruces polas ondas do mar que resultaron ser pequenos mexillóns, efecto este, di, semellante noutros lugares menos santificados, que foi recollido polo Padre Eusebio no seu libro *Las maravillas de Europa* (debe referirse a Juan Eusebio de Nieremberg e a súa obra *Curiosa filosofía y tesoro de maravillas de la naturaleza examinadas en varias cuestiones naturales*, impresa en Madrid en 1630).


Nas páxinas 121 e 122 do tomo figuran os parágrafos 8 a 12 da *Carta*, nos que o Padre Feijoo se refire a un “milagre” que el presenciara en 1693.

Comeza a referencia indicando que *Hay en nuestro Monasterio de San Salvador de Lárez, sito en el Arzobispado de Santiago, y distante un cuarto de legua de la Villa de Pontevedra, una pequeña Imagen de mi Padre S. Benito, colocada en su Altar, á quien profesa singular devoción, y especialísima fé toda la gente de aquella comarca.*

Descoñecemos se ese “su Altar” sería o actual, situado no brazo norte do cruceiro, baixo o que pasan o día da festa os devotos e no que a lenda sitúa o enterramento dun home, presuntamente o Padre Beda Pérez, Abade Xeral da Congregación, que falece ós 58 anos cando cursaba visita ó mosteiro lerezano o 10 de maio de 1835. Coincidiría coa *imagen pequeña y muy hermosa de San Benito, a que tienen los del país mucha devoción*, citada polo Padre Sarmiento, quen, no *Coloquio de 24 gallegos rústicos*, fai que Xepiño da Fonte inclúa entre os santos ós que pregou polo rei Felipe V nos seus funerais a san Bieto de Lárez, *non ó toleirón, senón ó pequeno*, indicativo da posible existencia de dúas imaxes, e que Marcos da Portela, sinalando o cenobio desde Chan de Parafita, diga que *alí donde sempre / van muitos romeiros / ao San Benitiño, / santiño ben feito*, romeiros que logo Minguiña do Rego incrementará na versión estival da festa ó dicir: *Non vistes en xullo / a xente sen termo / que a San Benitiño / acode de lexos?*

Como se ve, de antigo lle vén ó santo venerado en Lárez a sonda de milagroso e o diminutivo amistoso e cariñoso que figura na letra da popular composición *Si vas a San Benitiño...*, harmonizada en 1940 por Antonio Blanco Porto para a Sociedad Coral Polifónica de Pontevedra.

Prosegue o Padre Feijoo: *Si V. md. viviese en aquella tierra, oiría, como yo los oí, innumerables prodigios, atribuidos al Santo Patriarca, como efectos de la devoción, que hay con aquella Imagen.* Moitos deses prodixios ou curacións por intercesión do santo permanecerían esquecidos ou serían perdidos debido á súa transmisión oral. Doutras, sen embargo, quedará sucinta constancia escrita no libro que ó efecto permanece sobre o altar. Os perceptores de favores a través de san Bieto agradécenllo por medio de exvotos, xeralmente de cera, de ofrecementos en especie (animais, froitos...) ou en metálico. “Un



favorecido” seu reformou a *Novena* que “sale nuevamente a la luz” en Santiago, en 1867, que forma parte dos fondos bibliográficos do Museo.

Tras unhas breves disquisicións sobre a intercesión do santo en feitos considerados como preternaturais e sobre a veracidade de determinados prodixios, di que *sólo referiré como cierto un milagro, de que yo, estando estudiando Artes en aquel Colegio, fui testigo, y en que no cupo ilusión, ó engaño*. A narración feijoniana do feito, que se desenvolve na explanada que rodea o santuario e fronte ás escaleiras que, polo poñente, descendén cara a actual estrada, e que Prudencio Canitrot, de quen se cumpriu este ano o centenario do seu pasamento, plasmou no lenzo integrado na colección do Museo, é a seguinte:



Estábamos todos los Condiscípulos á una hora de recreación en un pequeño campo, que hay delante de la Iglesia del Monasterio, de los cuales algunos se divertían en el juego de bolos. Sucedió, que habiendo salido de la Iglesia de hacer oración una pobre muger plebeya, que llevaba un tierno hijuelo en los brazos, baxaba por una escalera por donde se descende de aquel campo al camino público, que vá á Pontevedra. Cerraba el espacio del juego la misma escalera, cuyo primer escalón se eleva algo sobre la superficie del campo, sirviendo de término a las bolas del juego, porque tal era su dirección. Al tiempo que la mujer baxaba, un condiscípulo mío, de grandes fuerzas (Fr. Juan de Bellisca, hijo de la Casa de Carrión), disparó con toda su pujanza una bola, la cual llegando al escalón por parte algo inclinada, y resvaladiza, voló con mucha elevación sobre la escalera, y cayó sobre el niño, que llevaba la muger en los brazos, dexándole, no sé si muerto, u desmayado.

O accidente debeu causar impacto nos colexiais, tanto polo feito en si como pola culpabilidade que algún puidera ter. *En realidad, así a mí, como a todos los demás condiscípulos, se nos representó perfecto cadáver, y tal le juzgamos entonces. A tan sensible golpe, la muger llena de lágrimas volvió presurosa a la Iglesia, y al Altar del Santo a implorar su intercesión para la restitución de su hijo. No se hizo mucho de rogar el gran Patriarca, porque á muy breve rato vimos salir la muger con su niño en los brazos, y este, no solo recobrado enteramente, pero aun (lo que se debe notar) con semblante festivo, y risueño.*

Non pretende o Padre Feijoo considerar o ocorrido como unha resurrección do neno, senón como unha curación milagrosa, non de *fractura, ú dislocación notable*, máis ben dunha contusión moi forte que o privou do sentido, cuxa dor *debía durar mucho tiempo; lo cual ciertamente no sucedió, como testificó el rostro festivo, y risueño del infante.*

Conclúe a súa referencia ó acaecido en Lerez nesta *Carta erudita* afirmando que *en quanto he visto, oído, y observado en todo el discurso de mi vida, solo del milagro, que acabo de referir, puedo deponer con toda certeza. Y creeré facilmente, que lo que he dicho de los milagros atribuídos a la Imagen de San Benito de Lerez, se puede aplicar a otras muchas Imágenes acreditadas de milagrosas; esto es, que para cada milagro cierto hay seis, ú ocho dudosos, y setenta, ú ochenta falsos.*

Quede constancia, pois, por medio do escrito por personalidade tan douta na materia como é o ilustre beneditino Padre Feijoo, se non dun milagre si da resolución feliz no seu santuario de Lerez dun feito que puido resultar fatídico mediante a intercesión de san Bieito, tamén considerado patrón dos arquiteiros, bibliotecarios e museólogos.

XOSÉ FUENTES ALENDE

Secretario Técnico do Museo

Xefe de Sección de Difusión e Publicacións